

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

7 de marzo de 2024

Duración:

Desde as 20:37 ata as 22:19

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

José Carlos López Campos

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	NON
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ





	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE FEBREIRO DE 2024

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 8 DE FEBREIRO DE 2024

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 8 de febreiro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 1167/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR, PSdeG-PSOE E MIXTO (MOVETE) CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O VINDEIRO 8 DE MARZO DO DÍA INTERNACIONAL POLOS DEREITOS DA MULLER

Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 17, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0





Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción conxunta elaborada polos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE) que se transcribe de seguido:

“O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Dende entón, é un día de celebración polos avances que se conseguiron ao longo da historia e de reivindicación polo que queda por facer en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Desde o Concello da Estrada queremos sumarnos a este día conmemorativo e reivindicativo centrándonos sobre todo nas administracións, xa que consideramos que as administracións públicas deben adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo por parte de mulleres e homes, en condicións de igualdade, dos dereitos políticos, civís, económicos, sociais e culturais en virtude do artigo 9.2 da Constitución. A igualdade xurídica ten que manifestarse en todas as esferas e deben levarase a cabo medidas co obxectivo de corrixir os desequilibrios existentes e que imposibilitan a consecución da igualdade real.

Os concellos somos a Administración da cidadanía, a que lle xera maior confianza. Temos un papel relevante na construción social en igualdade ao sermos quen ten máis capacidade para chegar aos corazóns e ás consciencias, cimentos estes máis determinantes no comportamento.

Para avanzar dun xeito contundente e efectivo na igualdade de xénero, precísase da implicación activa de toda a poboación. Para iso, é fundamental tomar conciencia das desigualdades de xénero que perduran na nosa sociedade e nos diferentes ámbitos da nosa vida. É fundamental que a Administración promova iniciativas, pero tamén que conte co compromiso da sociedade na que pretende incidir.

Seguimos co firme compromiso de continuar avanzando neste camiño, o que supón continuar planificando accións que dean continuidade ao traballo previo, incidindo na información nos diversos ámbitos da sociedade, dende a educación nos centros de ensino ata os distintos colectivos e asociacións civís, pois o seu compromiso e apoio é fundamental para estender e implantar políticas de igualdade na nosa sociedade.

O Concello de A Estrada, proclama en firme a seu compromiso por defender e apoiar a igualdade de todas as persoas independentemente do seu sexo, reiteramos o noso compromiso coa defensa dos dereitos das mulleres e co obxectivo de que ocupen o lugar que lles corresponde (o mesmo que os homes). Por iso:

- Instamos a todos os organismos e entidades públicas e privadas, axentes sociais, sectores produtivos e á sociedade en xeral a subscribir esta declaración e aplicar os principios de igualdade de dereitos e responsabilidades entre mulleres e homes.

- Salientamos o inestimable e imprescindible valor da muller no desenvolvemento das persoas, da xeración de riqueza e do progreso da humanidade, e instamos á súa





visibilidade.

- Denunciamos a inxustiza da desigualdade que persiste ata o de agora na sociedade que pon ás mulleres en situación de vulnerabilidade en múltiples eidos da vida, especialmente no laboral comprometémonos a empregarnos activamente e a fondo para a súa corrección
- Manifestamos o noso compromiso por aplicar todas as medidas posibles no seo das nosas organizacións e nos nosos ámbitos de influencia
- Reclamamos a dotación apropiada para tal fin segundo a lexislación vixente a todas as administracións competentes nesta materia.
- Sinalamos a obrigatoriedade de coordinar e sumar as máximas sinerxías posibles na busca da igualdade, aumentar esforzos e medios e dar prioridade a este obxectivo.
- Comprometémonos a aportar e impulsar este proceder dentro das nosas posibilidades.”

Visto o ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación na sesión ordinaria celebrada o 28/02/2024.

Unha vez debatido o asunto, sométese a votación, sendo adoptado polos votos a favor do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), e a abstención do grupo do BNG, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

O Concello de A Estrada, proclama en firme a seu compromiso por defender e apoiar a igualdade de todas as persoas independentemente do seu sexo, reiteramos o noso compromiso coa defensa dos dereitos das mulleres e co obxectivo de que ocupen o lugar que lles corresponde (o mesmo que os homes). Por iso:

- Instamos a todos os organismos e entidades públicas e privadas, axentes sociais, sectores produtivos e á sociedade en xeral a subscribir esta declaración e aplicar os principios de igualdade de dereitos e responsabilidades entre mulleres e homes.
- Salientamos o inestimable e imprescindible valor da muller no desenvolvemento das persoas, da xeración de riqueza e do progreso da humanidade, e instamos á súa visibilidade.
- Denunciamos a inxustiza da desigualdade que persiste ata o de agora na sociedade que pon ás mulleres en situación de vulnerabilidade en múltiples eidos da vida, especialmente no laboral comprometémonos a empregarnos activamente e a fondo para a súa corrección
- Manifestamos o noso compromiso por aplicar todas as medidas posibles no seo das nosas organizacións e nos nosos ámbitos de influencia





- Reclamamos a dotación apropiada para tal fin segundo a lexislación vixente a todas as administracións competentes nesta materia.
- Sinalamos a obrigatoriedade de coordinar e sumar as máximas sinerxías posibles na busca da igualdade, aumentar esforzos e medios e dar prioridade a este obxectivo.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **señor alcalde** advirte da existencia de dúas mocións de urxencia presentadas polos grupos do PSdeG-PSOE e BNG.

En primeiro lugar, pásase a debater a urxencia da moción presentada polo grupo socialista que se trata de seguido:

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A SOLICITUDE DOS OBRADOIROS DE EMPREGO	
Urxencia rexeitada	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 12, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta con data 06/03/2024 (registro de entrada 2024-E-RPLN-2) unha moción de urxencia para ser tratada nesa sesión plenaria, pola que propón a solicitude de subvención para Obradoiros de Emprego, xustificando a súa urxencia en (SIC):

“O pasado xoves 22/02/2024 publicouse no DOG a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (TR353A) e o venres 23/02/2024 publicouse a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para

persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia2021-2027 (TR353B).

Ambas as dúas convocatorias establecen o prazo dun mes a partir da publicación para que as entidades soliciten o financiamento deses programas.

A data de publicación e o prazo establecido fixeron imposible a presentación desta moción conforme á tramitación en Comisión Informativa ordinaria e inclusión na orde do





día deste pleno.

O Grupo Municipal Socialista deu cumprido traslado desta moción o día 06/03/2024 aos Grupos Municipais do PP, BNG e Móvete.

O prazo dun mes para a solicitude obriga á presentación da presente pola vía de urxencia, a fin de que o obxecto da moción siga vixente, e aforrándolle a esta corporación a convocatoria dun Pleno Extraordinario.”

Deliberado sobre o particular, sométese a urxencia a votación sendo rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

A continuación, pásase a debater a urxencia da seguinte moción presentada polo grupo do BNG.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES PARA AVANZAR EN MATERIA DE IGUALDADE.	
Urxencia rexeitada.	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 6, En contra: 12, Abstencións: 1, Ausentes: 0

O grupo municipal do BNG presenta con data 07/03/2024 (registro de entrada 2024-E-RPLN-3) unha moción de urxencia para ser tratada nesta sesión plenaria, pola que propón instar á Xunta de Galicia a adopción de medidas urxentes en materia de igualdade, xustificando a súa urxencia en (SIC):

“Dende o BNG entendemos a loita feminista como parte da loita de clase e tamén internacionalista, e apremiamos a presionar ao novo goberno na Xunta aínda non constituído para que tome medidas necesarias nestes tempos de retroceso dos dereitos sociais, da minguante capacidade económica da clase traballadora e cun avance da mentalidade máis reaccionaria e incluso fascista en moitos países da contorna. Co gallo de mostrar o noso apoio aos colectivos feministas e co de convidar a tódalas veciñas e veciños da Estrada ás movilizacións convocadas este 8 de marzo, tendo o convencemento de que as mocións conxuntas ou de consenso co Partido Popular non garanten os mínimos avances en materia de igualdade e feminismo, e á vista está o que están a facer na Deputación Provincial, da que o Alcalde deste Concello é membro do equipo de goberno, e tendo en conta que o 8M é mañá, consideramos motivo suficiente para tratar as nosas peticións no pleno do día de hoxe.”





Deliberado sobre o particular, sométese a urxencia a votación sendo rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular, a favor dos grupos do PSdeG-PSOE e BNG, e a abstención do grupo Mixto (MOVETE).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 16 AO 31 DE XANEIRO DE 2024

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 ao 31 de xaneiro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0048 ao número 2024-0136 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 29 DE FEBREIRO DE 2024

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 29 de febreiro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0137 ao número 2024-0308 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen todos os voceiros e voceiras dos grupos municipais, cuxas intervencións recóllense no arquivo audiovisual.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e dezanove minutos minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co





enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/03/11/pleno-concello-de-a-estrada-7-de-marzo-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

B73C0C26F5D78A8EDE529D2F3BDDD775597F85D02E15A875C0BD7451007D15D3

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

